

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

ORDE do 13 de marzo de 2020 pola que se suspenden prazos das convocatorias abertas conxuntas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, e ante a recente declaración da Organización Mundial da Saúde (OMS) como pandemia, as conselleiras de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Economía, Emprego e Industria, co obxecto de garantir os dereitos de todas as entidades participantes, suspenden a tramitación das seguintes convocatorias abertas.

En consecuencia, e no uso das atribucións que temos conferidas,

ACORDAMOS:

Artigo único

1. Quedan suspendidos ata nova notificación os seguintes procedementos:

a) Os procedementos ED481A e IN606A do programa de apoio á etapa predoutoral, en fase de tramitación e resolución, regulados pola Orde do 20 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020, publicada no DOG número 25, do 6 de febreiro de 2020.

b) Os procedementos ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D do programa de consolidación, en fase de presentación de solicitudes, regulados pola Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas



para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020, publicada no DOG número 32, do 17 de febreiro de 2020.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición, ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou a persoa titular da Presidencia da Gain, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día da súa notificación.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2020

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional

Francisco Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria
e presidente da Axencia Galega de Innovación

